



NORMAS QUE REGULAN O PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN E ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS QUE FORMAN PARTE DO PROGRAMA DEPORTIVO DE VERÁN 2024

O Concello de Monforte organiza, para o verán de 2024, unha serie de actividades motivado principalmente polas necesidades de conciliación familiar dos monfortinos e monfortinas, así como para que nenos e nenas, rapaces e rapazas, poidan gozar dunhas vacacións activas practicando actividades lúdicas de xeito saudable.

Estas actividades son:

- Campamento Deportivo de Verán
- XVIII Campus de Fútbol Cidade de Monforte
- Cursos de tenis

A. CAMPAMENTO DEPORTIVO DE VERÁN 2024

1- PERSOAS PARTICIPANTES

Poderán participar nenos e nenas, rapaces e rapazas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter nacido entre o 01/01/2012 e o 31/12/2019
- Estar empadroados/empadroadas no Concello de Monforte. No caso de que o neno/a non estea empadroado/a no Concello de Monforte poderá participar se está empadroado algún dos seus proxenitores (pai ou nai) ou algún dos seus avós.
- No caso de prazas reservadas para persoas con discapacidade igual ou superior ó 33%, ter recoñecemento da situación de discapacidade.
- Aceptar e cumprir as condicións establecidas para a actividade.

As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% deberán facelo constar no epígrafe correspondente.

As persoas solicitantes con discapacidade deben optar, polo procedemento xeral ou polo procedemento das prazas reservadas para persoas con discapacidade, de xeito



que quedarán excluídas no suposto de que presenten a solicitude por ambos os procedementos.

2- ORGANIZACION DA ACTIVIDADE E PRAZAS OFERTADAS:

- **Duración:** A actividade terá lugar entre o 1 de xullo e o 14 de agosto distribuído en tres quendas:
 - Primeira quenda: do 1 ao 15 de xullo
 - Segunda quenda: do 16 ao 31 de xullo
 - Terceira quenda: do 1 ao 14 de agosto
- **Horario:** de luns a venres non festivos de 10:00 a 14:00 h.
- **Servizo de transporte:** o campamento conta coa posibilidade de matricularse con servizo de transporte tanto para a ida como para a volta.
- **Prazas ofertadas e grupos:** o número de prazas ofertadas para cada quenda é de 120, distribuídas do seguinte xeito:
 - Prazas en quenda ordinaria: 106
 - Prazas reservadas para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %: 6
 - Prazas a disposición dos Servizos Sociais do Concello de Monforte: 8

No caso das prazas reservadas para nenos/as con necesidades especiais (6 prazas por quenda), e de ser necesario, asignarase 1 monitor/a de reforzo por cada alumno/a con necesidades especiais que o precise.

- **Custe da actividade:**
 - Matrícula sen transporte: 51,75 € por quenda.
 - Matrícula con transporte: 67,28 € por quenda.

Ás familias numerosas terán un desconto do 50 %
- **Lugar de celebración:** instalacións deportivas municipais e outros espazos
- **Tipoloxía e actividades:** actividades multideportivas, talleres, excursións, etc.



3- TIPOS DE SOLICITUDE E PRAZO DE PRESENTACIÓN

1. As persoas interesadas en participar no Campamento Deportivo de Verán 2024 deberán facer unha **solicitud de preinscrición** a través do rexistro xeral do Concello de Monforte (ben presencial ou electrónico) **entre o 23 e o 30 de maio de 2024**
2. As solicitudes poderán presentarse de xeito **individual** ou **múltiple**. Poderán presentar unha solicitude múltiple para o suposto de **dous/dúas, tres e ata catro irmáns/ás**. Esta solicitude múltiple só se poderá empregar no caso de persoas que soliciten idéntica/s quenda/s.

As solicitudes múltiples teñen efecto durante o sorteo para a adxudicación de prazas e xerar as listas de agarda. No obstante, no momento das adxudicacións dende a lista de agarda, teranse en conta como solicitudes individuais.

3. As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 % poderán escoller entre presentar solicitude a través do procedemento xeral ou polo procedemento das prazas reservadas para persoas con discapacidade, de xeito que quedarán excluídas no suposto de que presenten a solicitude por ambos os procedementos.
4. Publicación de lista de persoas preinscritis e estado da documentación presentada o día **4 de xuño**.
5. Período de emenda de solicitudes **do 5 ao 7 de xuño**, a través do Rexistro Xeral do Concello de Monforte. No caso de que a documentación a emendar teña que ver cos criterios de preferencia aplicables, e de non presentarse, non se terán en conta á hora do reparto das prazas.
6. Sorteo de prazas, no caso e ser necesario, o día **10 de xuño**. No sorteo estará presente un/unha funcionario/a municipal que dará fe do resultado do sorteo.
7. Publicación de lista de persoas admitidas e lista de agarda o día **11 de xuño**.
8. Matrícula definitiva entre o **12 e o 21 de xuño**. A matrícula definitiva poderá facerse de dous xeitos:



- Enviando toda a documentación requirida por correo electrónico ao enderezo deporte.veran@concellodemonforte.com
- Presentando toda a documentación requirida nas Oficinas Municipais de Deportes e Xuventude sitas nas Casitas da Compañía.

4. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

As persoas interesadas poderán solicitar a participación entre 1 e 3 quendas.

Para a asignación de prazas atenderase ós seguintes criterios de preferencia:

- Terán prioridade as persoas cuxos proxenitores estean ambos traballando e as familias monoparentais.

A adxudicación de prazas será atendendo, primeiramente, aos criterios de preferencia e, de ser necesario, realizarase sorteo.

No caso de solicitude múltiple entenderase que se no sorteo de prazas algunha das persoas integrantes da solicitude obtén praza, tamén a obterán o resto.

5. DOCUMENTACION A PRESENTAR:

5.1. PREINSCRICIÓN (entre o 23 e o 30 de maio de 2024):

- Formulario de preinscrición establecido:
 - Solicitude xeral, que poderá ser individual ou múltiple.
 - Solicitude de prazas reservadas para persoas con discapacidade.
- No caso de **solicitude múltiple**: fotocopia do libro de familia onde consten todos os membros da unidade familiar.
- No caso de que os dous proxenitores traballen, e así o fagan constar no formulario:
 - Fotocopia libro de familia onde consten todos os membros da unidade familiar.
 - Documentación que acredite que os dous proxenitores están traballando:



- No caso de traballadores/as por conta allea: vida laboral ou certificado de empresa que o acredite.
- No caso de traballadores/as por conta propia: vida laboral ou último recibo do pago da cota á Seguridade Social.

- No caso de familia **monoparental** e así o fagan constar no formulario: certificado acreditativo emitido polo organismo correspondente.
- No caso de nenos e nenas con discapacidade igual ou superior ao 33 % e que así o fagan constar no formulario: certificado de discapacidade.
- No caso de que o neno ou nena non estea empadroad/a no Concello de Monforte pero si que o estea algún dos seus proxenitores (pai ou nai), libro de familia onde consten todos os membros da unidade familiar.
- No caso de que nin o neno ou nena nin os seus proxenitores estean empadroados/as no Concello de Monforte pero si que o estea algún dos seus avós, libro de familia dos pais e dos avós.

5.2. MATRÍCULA DEFINITIVA en función das prazas concedidas (entre o 12 e o 21 de xuño):

- Formulario de matrícula definitivo en función das prazas concedidas.
- No caso de familia numerosa, documentación acreditativa correspondente expedida polo órgano competente.
- No caso de nenos e nenas con discapacidade igual ou superior ao 33 %: cuestionario de saúde e autonomía persoal, co fin de planificar os apoios necesarios.

Esta documentación poderá presentarse de dous xeitos:

- Enviando toda a documentación requirida por correo electrónico ao enderezo deporte.veran@concellodemonforte.com
- Presentando toda a documentación requirida nas Oficinas Municipais de Deportes ou Xuventude sitas nas Casitas da Compañía.



6. PAGO DA MATRÍCULA:

As persoas con praza, unha vez presentada a documentación requirida para a inscrición definitiva, faráselles entrega, ben presencialmente ou a través do correo electrónico indicado pola persoa interesada, da carta de pago correspondente coa súa inscrición. O pago poderano facer en Abanca, presentando a carta de pago, ou a través da pasarela de pagos habilitada na páxina web www.monfortedelemos.es A data límite para realizar o pago será o 21 de xuño.



B. XVIII CAMPUS DE FÚTBOL CIDADE DE MONFORTE – R.C. CELTA DE VIGO

1- PERSOAS PARTICIPANTES

Poderán participar nenos e nenas, rapaces e rapazas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter nacido entre o 01/01/2010 e o 31/12/2017
- Estar empadroados/empadroadas no Concello de Monforte. No caso de que o neno/a non estea empadroadado/a no Concello de Monforte poderá participar se está empadroadado algún dos seus proxenitores (pai ou nai) ou algún dos seus avós.
- Aceptar e cumprir as condicións establecidas para a actividade.

2- ORGANIZACION DA ACTIVIDADE E PRAZAS OFERTADAS:

- **Duración:** A actividade terá lugar entre o **29 de xullo e o 2 de agosto**.
- **Horario:** de luns a venres de 10:00 a 13:00 h.
- **Prazas ofertadas e grupos:** o número de prazas ofertadas é de 100.
- **Custe da actividade:** 26,91 €. As familias numerosas terán un desconto do 50 %
- **Lugar de celebración:** Campo Municipal de Fútbol Luis Bodegas.

3- TIPOS DE SOLICITUDE E PRAZO DE PRESENTACIÓN:

1. As persoas interesadas en participar no XVIII Campus de Fútbol Cidade de Monforte deberán facer unha **solicitud de preinscrición** a través do rexistro xeral do Concello de Monforte (ben presencial ou electrónico) **entre o 23 e o 30 de maio de 2024**
2. As solicitudes poderán presentarse de xeito **individual** ou **múltiple**. Poderán presentar unha solicitude múltiple para o suposto de **dous/dúas, tres e ata catro irmáns/ás**.

As solicitudes múltiples teñen efecto durante o sorteo para a adxudicación de prazas e xerar as listas de agarda. No obstante, no momento das adxudicacións dende a lista de agarda, teranse en conta como solicitudes individuais.



3. Publicación de lista de persoas preinscrición e estado da documentación presentada o día **4 de xuño**.
4. Período de emenda de solicitudes **do 5 ao 7 de xuño**, a través do Rexistro Xeral do Concello de Monforte.
5. Sorteio de prazas, no caso de ser necesario, o día **10 de xuño**. No sorteio estará presente un/unha funcionario/a municipal que dará fe do resultado do sorteio.
6. Publicación de lista de persoas admitidas e lista de agarda o día **11 de xuño**.
7. Matrícula definitiva entre o **12 e o 21 de xuño**. A matrícula definitiva poderá facerse de dous xeitos:
 - Enviando toda a documentación requirida por correo electrónico ao enderezo deporte.veran@concellodemonforte.com
 - Presentando toda a documentación requirida nas Oficinas Municipais de Deportes e Xuventude sitas nas Casitas da Compañía.

4- PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS:

Se o número de solicitudes non supera o número de prazas ofertadas, estas serán de adxudicación directa. En caso contrario as prazas asignaranse por sorteio.

No caso de solicitude múltiple entenderase que se no sorteio de prazas algunha das persoas integrantes da solicitude obtén praza, tamén a obterán o resto.

5- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

5.1. PREINSCRIPCIÓN (entre o 23 e o 30 de maio de 2024):

- Formulario de preinscrición establecido, que poderá ser individual ou múltiple.
- No caso de **solicitude múltiple**: fotocopia do libro de familia onde consten todos os membros da unidade familiar.



- No caso de nenos e nenas con discapacidade igual ou superior ao 33 % e que así o fagan constar no formulario: certificado de discapacidade.
- No caso de que o neno ou nena non estea empadroadado/a no Concello de Monforte pero si que o estea algún dos seus proxenitores (pai ou nai), libro de familia onde consten todos os membros da unidade familiar.
- No caso de que nin o neno ou nena nin os seus proxenitores estean empadroados/as no Concello de Monforte pero si que o estea algún dos seus avós, libro de familia dos pais e dos avós.

5.2. MATRÍCULA DEFINITIVA en función das prazas concedidas (entre o 12 e o 21 de xuño):

- Formulario de matrícula definitivo.
- No caso de familia numerosa, documentación acreditativa correspondente expedida polo órgano competente.

Esta documentación poderá presentarse de dous xeitos:

- Enviando toda a documentación requirida por correo electrónico ao enderezo deporte.veran@concellodemonforte.com
- Presentando toda a documentación requirida nas Oficinas Municipais de Deportes ou Xuventude sitas nas Casitas da Compañía.

6- PAGO DA MATRÍCULA:

As persoas con praza, unha vez presentada a documentación requirida para a inscrición definitiva, faráselles entrega, ben presencialmente ou a través do correo electrónico indicado pola persoa interesada, da carta de pago correspondente coa súa inscrición. O pago poderano facer en Abanca, presentando a carta de pago, ou a través da pasarela de pagos habilitada na páxina web www.monfortedelemos.es A data límite para realizar o pago será o 21 de xuño.



C. CURSOS DE TENIS

1- PERSOAS PARTICIPANTES

Poderán participar nenos e nenas, rapaces e rapazas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter nacido entre o 01/01/2013 e o 31/12/2019
- Estar empadroados/empadroadas no Concello de Monforte. No caso de que o neno/a non estea empadroadado/a no Concello de Monforte poderá participar se está empadroadado algún dos seus proxenitores (pai ou nai) ou algún dos seus avós.
- Aceptar e cumprir as condicións establecidas para a actividade.

2- ORGANIZACION DA ACTIVIDADE E PRAZAS OFERTADAS:

- **Duración:** A actividade terá lugar entre o 1 de xullo e o 14 de agosto distribuído en tres quendas:
 - Primeira quenda: do 1 ao 15 de xullo
 - Segunda quenda: do 16 ao 31 de xullo
 - Terceira quenda: do 1 ao 14 de agosto
- **Horario:** martes e xoves non festivos (clases de 1 hora de duración)
- **Prazas ofertadas e grupos:** establécense un máximo de 3 grupos de actividade por quenda. O número de prazas de cada un dos grupos será de 6 persoas.
- **Custe da actividade:**
 - Matrícula por alumno e quincena: 20,70 €

As familias numerosas terán un desconto do 50 %
- **Lugar de celebración:** Pistas de tenis municipais da Pinguela.

3- TIPOS DE SOLICITUDE E PRAZO DE PRESENTACIÓN

1. As persoas interesadas en participar nos Cursos de Tenis de Verán 2024 deberán facer unha **solicitud de preinscrición** a través do rexistro xeral do



Concello de Monforte (ben presencial ou electrónico) **entre o 23 e o 30 de maio de 2024**

2. As solicitudes poderán presentarse de xeito **individual** ou **múltiple**. Poderán presentar unha solicitude múltiple para o suposto de **dous/dúas, tres e ata catro irmáns/as**. Esta solicitude múltiple só se poderá empregar no caso de persoas que soliciten idéntica/s quenda/s.

As solicitudes múltiples teñen efecto durante o sorteo para a adxudicación de prazas e xerar as listas de agarda. No obstante, no momento das adxudicacións dende a lista de agarda, teranse en conta como solicitudes individuais.

3. Publicación de lista de persoas preinscristas e estado da documentación presentada o día **4 de xuño**.
4. Período de emenda de solicitudes **do 5 ao 7 de xuño**, a través do Rexistro Xeral do Concello de Monforte.
5. Sorteo de prazas, no caso e ser necesario, o día **10 de xuño**. No sorteo estará presente un/unha funcionario/a municipal que dará fe do resultado do sorteo.
6. Publicación de lista de persoas admitidas e lista de agarda o día **11 de xuño**.
7. Matrícula definitiva entre o **12 e o 21 de xuño**. A matrícula definitiva poderá facerse de dous xeitos:
 - Enviando toda a documentación requirida por correo electrónico ao enderezo deporte.verán@concellodemonforte.com
 - Presentando toda a documentación requirida nas Oficinas Municipais de Deportes e Xuventude sitas nas Casitas da Compañía.

4- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS

Se o número de solicitudes non supera o número de prazas ofertadas, estas serán de adxudicación directa. En caso contrario as prazas asignaranse por sorteo.

No caso de solicitude múltiple entenderase que se no sorteo de prazas algunha das persoas integrantes da solicitude obtén praza, tamén a obterán o resto.



5- DOCUMENTACION A PRESENTAR:

5.1. PREINSCRICIÓN (entre o 23 e o 30 de maio de 2024):

- Formulario de preinscrición establecido, que poderá ser individual ou múltiple.
- No caso de **solicitud múltiple**: fotocopia do libro de familia onde consten todos os membros da unidade familiar.
- No caso de nenos e nenas con discapacidade igual ou superior ao 33 % e que así o fagan constar no formulario: certificado de discapacidade.
- No caso de que o neno ou nena non estea empadroadado/a no Concello de Monforte pero si que o estea algún dos seus proxenitores (pai ou nai), libro de familia onde consten todos os membros da unidade familiar.
- No caso de que nin o neno ou nena nin os seus proxenitores estean empadroados/as no Concello de Monforte pero si que o estea algún dos seus avós, libro de familia dos pais e dos avós.

5.2. MATRÍCULA DEFINITIVA en función das prazas concedidas (entre o 12 e o 21 de xuño):

- Formulario de matrícula definitivo en función das prazas concedidas.
- No caso de familia numerosa, documentación acreditativa correspondente expedida polo órgano competente.

Esta documentación poderá presentarse de dous xeitos:

- Enviando toda a documentación requirida por correo electrónico ao enderezo deporte.veran@concellodemonforte.com
- Presentando toda a documentación requirida nas Oficinas Municipais de Deportes ou Xuventude sitas nas Casitas da Compañía.



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

6. PAGO DA MATRÍCULA:

As persoas con praza, unha vez presentada a documentación requirida para a inscrición definitiva, faráselles entrega, ben presencialmente ou a través do correo electrónico indicado pola persoa interesada, da carta de pago correspondente coa súa inscrición. O pago poderano facer en Abanca, presentando a carta de pago, ou a través da pasarela de pagos habilitada na páxina web www.monfortedelemos.es A data límite para realizar o pago será o 21 de xuño.